

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 4 DE XULLO DE 2018

Lista de asistentes

Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria e representante do PAS

Josefina T. Cadilla Lomba

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Comendador Rey, Beatriz

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Galiña Lorenzo, José Manuel

Souto Castro, Iria

Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Díaz Naya, Rosa María

Desculpan a súa ausencia

Membros da sociedade

Garrido Labrador, Begoña

López Díaz, María

Na sala de profesorado do Edificio de Ferro do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade que figuran ao marxe, o mércores 4 de xullo de 2018, ás 17.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 7 de xuño de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.

4.- Validación, se procede, das guías docentes do Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.

5.- Validación, se procede, das guías docentes do Mestrado en Valoración e Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

6.- Incompatibilidades nos horarios detectadas no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia, en relación ás actividades que se realizan fóra da aula.

7.- Validación, se procede, da renuncia presentada polo alumno Carlos Lozano González que desexa deixar de formar parte da Xunta de Facultade, da Comisión de Prácticas e da delegación de alumnado.

8.- Rolda de intervencións.

Da comezo a decana á sesión ordinaria da Comisión de Calidade dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa ausencia e que figuran ao marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 7 de xuño de 2018.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Comeza agradecendo a presenza de todos os membros, en especial os representantes da sociedade que atenden de xeito continuo as peticións que desde esta comisión se lles realiza.

Tamén explica que os programas de captación de estudantado do grao en Xeografía e Historia da modalidade presencial e semipresencial, xa están finalizados e agora queda agardar aos resultados da matrícula.

3.- Validación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.

A Coordinadora do grao, Beatriz Vaquero, quen explica que o procedemento de actualización das guías docentes mantívose con respecto a estes últimos cursos.

Valídanse por asentimento.

4.- Validación, se procede, das guías docentes do Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia.

A coordinadora de grao, Beatriz Vaquero, comenta a existencia dunha serie de problemas estruturais co Plan Conxunto en Turismo e Xeografía e Historia que, aínda que o proceso foi lento e farragoso, xa están resoltos.

Valídanse por asentimento.

5.- Validación, se procede, das guías docentes do Mestrado en Valoración e Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Fermín Perez, o coordinador do título, indica que se seguiu o procedemento realizado nos últimos anos, aclarando que como se imparte o plan remodelado se inclúen materias novas, nas houbo que empezar desde cero. Apróbanse por asentimento.

Valídanse por asentimento.

6.- Incompatibilidades nos horarios detectadas no Programa Conxunto de Estudos Oficiais do Grao en Turismo e o Grao en Xeografía e Historia, en relación ás actividades que se realizan fóra da aula.

A decana lembra que é o vindeiro curso vaise implantar o 2º curso deste plan de estudos. Como era de esperar, a medida que avanzamos na posta en práctica vanse detectando erros que hai que solucionar. Neste sentido, a facultade ten os venres sen docencia na aula, coa finalidade de dedicalos a outras actividades fóra das aulas, maioritariamente para as saídas de estudo. O problema detectado é que o alumnado matriculado no PCEO ás veces ten clase os venres na facultade de Ciencias Empresarias. A proposta que a simple vista parece máis factible é manter esta oferta e, ao mesmo nivel que as/os estudantes semipresencias, que non poidan asistir, especialmente se a actividade puntúa, acolleranse á alternativa contemplada nas guías docentes. Esta información será dada a o alumnado afectado.

7.- Validación, se procede, da renuncia presentada polo alumno Carlos Lozano González que desexa deixar de formar parte da Xunta de Facultade, da Comisión de Prácticas e da delegación de alumnado.

A razón desta renuncia é que o alumno acaba de rematar os seus estudos de Grao, solicitaráselle aos representantes da Delegación que subministren o nome da persoa que o vai substituír, tanto como representante na Xunta de Centro como doutras Comisións nas que participara.

8.- Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 18.30 h do día 4 de xullo de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba